

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Asunto: *Aprobación e ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico entre o Concello de Carballo e os propietarios da parcela coa referencia catastral 5456926NH2855N0000JX.*

Expediente: 2025/U039/000005

Primeiro.- Por Decreto da Alcaldía número 2492 de data 02/09/2025 resolveuse aprobar e ratificar o texto definitivo do convenio urbanístico de execución de planeamento entre o Concello de Carballo e os propietarios da parcela coa referencia catastral 5456926NH2855N0000JX para a cesión da superficie de terreo de 3.604 m² que se corresponden co tramo viario «SX-VI1d Pb int» previsto no PXOM de Carballo, e que forman parte da dita parcela catastral.

Segundo.- Foron notificados e emprazados todos os titulares da parcela, que asinaron a ratificación do texto definitivo do citado convenio o 5 de setembro de 2025.

Terceiro.- Publícase o texto íntegro do convenio, xunto co seu acordo de aprobación no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo se dispón no artigo 403.1 do Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia (Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

En Carballo, 8 de setembro de 2025 (asinado dixitalmente á marxe)

O alcalde – Evencio Ferrero Rodríguez